

# MAGOSTO 2012

Neste mes, celébranse os magostos, unha das festas máis tradicionais de Galicia. No noso centro, celebraremos o mércores 31 de outubro.

Disfrutaremos e participaremos todo o profesorado e alumnado do colexio xogando e comendo castañas asadas. Así que....non esquezades traer a partir do luns 29: castañas picadiñas para que non rebenten no lume, e os rachóns.



Equipo de Dinamización da  
Lingua Galega.

CEIP Labarta Pose. Baio.

# Biscoito de Castaña



## *Ingredientes para 6 personas:*

600 gramos de castañas      1/4 de litro de leche  
100 gramos de azucre      40 gr de manteiga  
1 políña de vainilla      chocolate fundido

## *Para o biscoito:*

180 de faríña      180 gr de margarína  
3 ovos grandes      2 culleradiñas de levadura  
Pel de limón raiada.      Aceite/manteiga.

## *Preparación da receita:*

Mesturar a faríña, ovos, levadura, raiadura de limón e margarína.

Untar un molde con aceite ou manteiga, forralo con papel e volver a engrasalo.

Botar a masa no molde e cocer 30 minutos ao forno cunha temperatura media.

Deixar repousar 3 minutos e desmoldar.

## *Para facer o recheo:*

Cocer as castañas escurri-las e pelalas.

Nunha cazola con 1/4 de litro de auga, o leite e a vainilla.

Agregar o azucre e, sobre o lume, remover cunha culler de pau.

Deixar cocer 10 minutos e pasar pola batidora.

Fóra do lume, agregar os 40 gr de manteiga, removendo para que quede homoxéneo.

Cortar o biscoito en tres capas, cubrilas ca crema de castaña fría e volver a unilas.

Cubrir o biscoito de chocolate e adornar o gusto: con azúcre glass espolvoreado, froitas confitadas...



# Refráns do Magosto

"Polo San Martiño  
vai ver o teu soutiño"



"Temperá é a castaña  
que por setembro regaña"

"A horta do San Martiño ten para el  
e máis para o veciño"




## Poema

DONA E DON

Don carballo chora landras  
na amencida.

E don Outono baballa  
néboa fría.



Don Labrego, de sombreiro,  
aplaude a don Castiñeiro  
con variña de abelaira.

E don Ourizo da chaira,  
como non se ten coa risa,  
cáenlle dentes de castaña.



Como todos os anos tede preparado un  
cucurucho para coller as castañas e un  
recipiente para tirar as peles.



Feliz  
Magosto



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística